

## **INTERVENCIÓN DE RAMÓN VILLARES NA PRESENTACIÓN DO LIBRO *FUNDACIÓN GALICIA EMPRESA. HISTORIA DUN COMPROMISO SINGULAR***

As súas palabras (do Conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra) danme pé para fiar o que eu quería dicir, que é a importancia que ten a marca Galicia. Porque unha marca é aquilo que identifica para dentro e para fóra, e que pode ser un icono, un lugar, unha actitude ou un comportamento.

Hai moitos modos de construír unha marca. Pódese facer investigando, pódese facer coidando a paisaxe ou pódese facer como fan os empresarios, tratando de, non só crear riqueza, senón crear riqueza cunha finalidade e para unha comunidade que os identifica como tales, e que ó propio tempo exporta esa imaxe cara a fóra.

Neste sentido, que haxa unha fundación que ten como obxectivo un compromiso coa cultura e coa lingua de Galicia paréceme que forma parte desta vontade colectiva de ter, non só unha marca, senón unha identidade como país. Non abonda con que se faga na política, nos partidos, nas organizacións sindicais, nas organizacións corporativas gremiais, senón tamén no ámbito empresarial.

E por esta razón é polo que eu, desde hai tempo, como foi recordado (polo Presidente da Fundación Galicia Empresa, Benito Fernández), colaborei coa Fundación Galicia Empresa. E síntome moi honrado destas colaboracións pasadas, as presentes e espero que as futuras, porque, sen entrar no que é a Fundación en si mesma, vexo que ten un punto esencial, que é a súa condición de non ser exactamente un grupo de intereses, aínda que é lexítimo que existan grupos de intereses, e en toda a historia da economía mundial os *lobbies* ou grupo de intereses funcionan como tales.

Pero aquí o interese é máis ben colectivo, é un interese máis ben difuso e a favor da lingua e a cultura, e non un interese puramente empresarial. E isto eu creo que é moi importante. E é o froito tamén dunha decisión voluntaria de persoas ás que as une un mesmo obxectivo. Neste sentido, que se fale dun compromiso no propio título do libro creo que é moi pertinente, porque é unha actitude ética, é unha forma de entender a vida, non só é un interese.

A vida normalmente está composta de dúas pulsións, unha de paixóns e outra de intereses. Hai que resolver as paixóns apaixonadamente, e os intereses con criterio racional, non só interesadamente, senón con racionalidade. Neste sentido, creo que na Fundación Galicia Empresa predomina máis a paixón có interese. O interese téñ outros cauces.

Poden xurdir problemas cando se queren resolver intereses con paixóns, porque se cruzan forzas que son un pouco contraditorias. Pero o camiño que a Fundación Galicia Empresa seguiu ata agora e que vai seguir no futuro -estou seguro- é defender con paixón unha identidade cultural e unha forma de entender Galicia que pode ser perfectamente compatible cos intereses, pero non mesturando intereses con paixóns.